



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE ORDE DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, POLA QUE SE ESTABECE O PROCEDIMENTO DE RECOÑECIMENTO E VALIDACIÓN PREVISTO NO DECRETO 70/2017, DO 13 DE XULLO, POLO QUE SE REGULA A FORMACIÓN EN IGUALDADE E PREVENCIÓN E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO DO PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E SE REGULA O REXISTRO DE PERSOAL DOCENTE ACREDITADO PARA A FORMACIÓN EN MATERIA DE IGUALDADE E PREVENCIÓN E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, e logo de examinar o *“Proxecto de Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establece o procedemento de recoñecemento e validación previsto no Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o Rexistro de persoal docente acreditado para a formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero”*, emite o seguinte,

INFORME

1. Marco normativo e competencial

O artigo 14 da Constitución española proclama o dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo, e o artigo 9.2 consagra a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que a igualdade das persoas e dos grupos nos que se integren sexa real e efectiva.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 4.2, que lle corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos e as galegas na vida política, económica, cultural e social.





A igualdade tamén é un principio fundamental na Unión Europea. Dende a entrada en vigor do Tratado de Amsterdam, o 1 de maio de 1999, a igualdade entre mulleres e homes e a eliminación das desigualdades entre unhas e outros son obxectivos que se deben integrar en todas as políticas e accións da Unión Europea e dos seus estados membros, e seguindo a estela da Conferencia Mundial sobre a Muller en Beijing 1995, parece claro que Europa aposta pola integración da perspectiva de xénero en todos os procesos e procedementos das institucións e das organizacións.

No marco estatal a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e no marco galego o Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro de 2016, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, introducen a previsión de políticas activas para facer efectivo este principio de igualdade, recollendo expresamente que o dito principio “informará, con carácter transversal, a actuación de todos os poderes públicos e que as Administracións Públicas o integrarán, de forma activa, na adopción e execución das dúas disposicións normativas, na definición e orzamentación de políticas públicas en todos os ámbitos e no desenvolvemento do conxunto de todas as súas actividades.”

2. Necesidade e oportunidade

O Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, establece, entre outras previsións, o recoñecemento e validación dunha serie de niveis de formación nesta materia para o persoal destinatario: básico, medio e superior. Tamén dispón que mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de igualdade regularase o procedemento a seguir para o recoñecemento e validación da formación recibida. En aplicación desta habilitación procédese a desenvolver tanto o procedemento de recoñecemento e validación do persoal que tivera realizado cursos ou actividades formativas no momento da entrada en vigor desta orde, como para os superados con posterioridade.

3. Estrutura e contido





A orde consta de trinta e dous artigos, estruturados en catro capítulos, catro disposicións adicionais e dúas disposicións derradeiras.

O primeiro capítulo establece as disposicións xerais, o segundo regula o procedemento de recoñecemento e validación, tanto de oficio como por solicitude de persoa interesada, o terceiro o rexistro e acreditación do persoal docente en materia de formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero, e o cuarto as disposicións comúns aos procedementos regulados na orde.

A disposición adicional primeira refírese á obrigatoriedade de formación para o persoal de novo ingreso e aos supostos de exención, a disposición adicional segunda aos convenios que se poidan subscribir para recoñecer e validar a formación, a terceira á actualización dos modelos normalizados utilizados na tramitación dos procedementos e a disposición adicional cuarta refírese á información básica sobre protección de datos de carácter persoal. A disposición derradeira primeira establece a competencia para os procedementos administrativos e a segunda a entrada en vigor da orde.

4. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Así, a Secretaría Xeral da Igualdade, centro directivo impulsor, remitiu ao Servizo Técnico Xurídico o borrador da disposición acompañado dos seguintes documentos:

- Unha memoria explicativa (artigo 41.3.a da Lei 16/2010, do 17 de decembro)
- Unha memoria económica (artigo 41.3.b da Lei 16/2010, do 17 de decembro)
- Unha táboa de vixencias (artigo 41.3 d da Lei 16/2010, do 17 de decembro)

Así mesmo consta o acordo previo de inicio do procedemento de elaboración da dita disposición asinado pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (art. 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro)





Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico-Xurídico da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, elaborou o preceptivo informe e obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (artigos 41.3 c) e 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, esta publicouse na páxina web da Consellería, na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo (artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e artigo 41.5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Posteriormente o Servizo Técnico-Xurídico solicitou os informes dos órganos e unidades administrativas que debían pronunciarse sobre o texto do proxecto.

Así mesmo o órgano tramitador, o Servizo Técnico Xurídico, someteu o proxecto á audiencia da Presidencia e do resto de Consellerías da Xunta de Galicia así como á Confederación Intersindical Galega (CIG), á Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSIF), á Unión Xeral de Traballadores de Galicia (UXT) e ó Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia.

Consta no expediente o informe da Secretaría Xeral da Igualdade sobre as alegacións formuladas durante os trámites de audiencia e exposición pública, téndose presentado alegacións polas seguintes entidades: Confederación Intersindical Galega, Unión Xeral de Traballadores Galicia, Colexio Oficial de Traballo social de Galicia, Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

De conformidade co disposto no artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, foi preciso solicitar informe económico-financeiro á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

Ao tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral que puidera ter repercusións en cuestións de xénero ao abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade





Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e do artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, resultou preciso requirir informe sobre o seu impacto de xénero.

Segundo o establecido no art. 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, ao tratarse dun proxecto que afecta ao réxime de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ou do sector público autonómico requiriuse informe á Dirección Xeral de Función Pública.

Así mesmo, para cumprir co estipulado no artigo 42.8 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, ao tratarse dun proxecto que contén materias que afectan aos empregados públicos, foi negociado na comisión de persoal.

Segundo o artigo 6 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, as disposicións de carácter xeral que regulen procedementos a instancia de parte, as bases reguladoras e as convocatorias de subvencións, así como o establecemento de servizos aos cidadáns e aos empregados públicos da Administración Xeral de Comunidade Autónoma e demais entidades integrantes do sector público autonómico, deberán contar cun informe tecnolóxico e funcional favorable emitido conxuntamente polos órganos con competencias horizontais en materia de administración electrónica e simplificación de procedementos administrativos da Xunta de Galicia. Este informe foi emitido en sentido favorable o 21 de xuño de 2018.

O 19 de xullo de 2018 a Secretaría Xeral de Igualdade emitiu o preceptivo informe sobre o proxecto de orde.

O 18 de setembro de 2018 a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos emitiu informe favorable sobre o proxecto de orde e o 25 de outubro emíteo a Dirección Xeral de Función Pública.

O 26 de febreiro de 2019, na sesión ordinaria celebrada pola Comisión de Persoal, apróbase a proposta da orde.

Finalizada a fase de documentación e consulta, o proxecto someteuse a informe da Asesoría Xurídica Xeral, que se pronunciou sobre cuestións de legalidade e técnica normativa, segundo o disposto no artigo 43.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro. Este informe emitiuse o 14 de marzo de 2019, en sentido favorable pero con certas observacións.





O 21 de marzo de 2019, dende a Secretaría Xeral da Igualdade, e co fin de adecuarse ao informe da Asesoría Xurídica, remítese un novo texto, así coma unha memoria aclarativa en relación ás observacións efectuadas pola Asesoría Xurídica.

4. Legalidade

En cumprimento do disposto no artigo 43.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto someterase á aprobación da persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

De acordo co indicado considérase que o *“Proxecto de Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establece o procedemento de recoñecemento e validación previsto no Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o Rexistro de persoal docente acreditado para a formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero”*, reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se informa favorablemente o mesmo.

A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica, despois de ver a proposta do subdirector xeral de Réxime Xurídico da Vicepresidencia e Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, considera que o proxecto de orde sometido a informe se axusta á legalidade vixente, por lo que o **informa favorablemente** (artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro).

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2019

A secretaria xeral técnica da consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

galicia



Xacobeo 2021